



PROXECTOS DE DIXITALIZACIÓN NOS ARQUIVOS DO SISTEMA DE ARQUIVOS DE GALICIA 2020-2021

1. Proxecto GEOARPAD

GEOARPAD é un proxecto de dixitalización de fondos documentais custodiados nos arquivos históricos da Xunta de Galicia impulsado pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade. No ano 2020 rematou a execución deste proxecto financiado con Fondos Europeos. Dixitalizáronse máis dun millón de imaxes de documentos custodiados nos arquivos históricos da Xunta de Galicia: Arquivo de Galicia, Arquivo do Reino de Galicia e arquivos históricos provinciais de Lugo, Ourense e Pontevedra:

Os fondos documentais dixitalizados son coleccións de pergameos e de mapas e planos, protocolos notariais, Libros do Catastro do Marqués de Ensenada, Fotografías aéreas do Catastro de Rústica e libretas de campo do Catastro de Urbana, Fondo de Xuntas e Deputacións do Reino de Galicia, Libros de Aduanas de Ourense e Fondo documental Igrexas Brage.


Con este proxecto realizáronse un total de **1.153.698 imaxes** que se custodian no repositorio de preservación. Todas elas están accesibles a través do Arquivo Dixital de Galicia.

<http://arquivo.galicianana.gal/arpadweb/es/inicio/inicio.do>

Estes son algúns exemplos:

http://arquivo.galicianana.gal/arpadweb/gl/catalogo_imagenes/grupo.do?registrardownload=0&path=66326&posicion=7&presentacion=pagina

Libros de Leigos do Catastro do Marqués de Ensenada





http://arquivo.galiciana.gal/arpadweb/gl/catalogo_imagenes/grupo.do?registrardownload=0&presentacion=pagina&path=64230&posicion=50

Cadernos de campo do catastro de urbana do concello de Pontevedra

Parroquia de _____ Lugar de _____

DATOS DE LA RELACIÓN JURADA N.º 110

Propietario _____

Renta declarada..... 28 21
Idem propuesta..... 8 600

DATOS DE LA HOJA N.º 149 CARPETA N.º _____

Propietario _____

Situación _____

Valores con arreglo a la Ley de 16 Dic. 1940

Declarados _____

Superficie: Valor en capital _____
Renta total..... 4 000
Líquido imponible..... 3 200

Longitud de fachadas _____

Form. de huecos de balcones y puertas y ventanas _____

LOCALES	DESTINOS	LOCALES	DESTINOS
8.º	habitación	Solar 12.1.178 x 1.018	
9.º	al	12.1.178 x 1.018	
10.º	al	Valor 4.818	
11.º	al	8.º 360	1.º 1.º 1.º
12.º	al	9.º 340	2.º 2.º 2.º
13.º	al	10.º 800	3.º 3.º 3.º
14.º	al	800	600

MATERIALES Y SISTEMA DE CONSTRUCCIÓN

Construcción de sillares de granito. Techo de madera. Alcantarilla en el patio. La fachada de taller es de mampostería. La fachada del solar es de sillares. Los muros de las habitaciones son de mampostería. Las puertas y ventanas son de madera. El suelo es de baldosa. La cocina es de ladrillo. El baño es de cerámica. El agua es de la red pública. El desagüe es al alcantarilla. La calefacción es por radiadores. La iluminación es por bombillas. La ventilación es por ventanas. La protección contra incendios es por extintores. La seguridad es por cerraduras. La limpieza es por fregadero. La conservación es por pintura. La decoración es por tapices. La comodidad es por colchones. La higiene es por jabón. La salud es por ejercicio. La felicidad es por amor. La vida es por Dios.

Descripción de la finca, estado de vida, servicios complementarios y datos de renta

(5.º) En la planta baja tiene 2 habitaciones adosadas a un patio solar. En el 1.º piso 6 habitaciones adosadas a un patio solar. En 2.º piso y 5 habitaciones.


Planta de complemento

Planta Principal

Nota: En la tasación de esta casa entregada esta situación en Pontevedra a 4 de abril de 1930 de tener presente que es una finca de propiedad de esta Alquería y que es más bien ligera su construcción.

http://arquivo.galiciana.gal/arpadweb/gl/catalogo_imagenes/grupo.do?registrardownload=0&path=87610&posicion=97&presentacion=pagin

Caderno de campo do catastro de urbana dos lugares dos Gorrións e Montecelo. Libro 2698. 1930



2. Proxecto Memoria Dixital de Galicia

Este proxecto, financiado pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA), persegue a dixitalización do patrimonio documental de Galicia custodiado nos arquivos do Sistema de Arquivos de Galicia coa finalidade de preservación e difusión a través de Galiciana-Patrimonio Dixital de Galicia.

Memoria Dixital de Galicia é unha iniciativa para crear un novo modelo de xestión e conservación do patrimonio cultural galego baseado nas TIC, que garanta a súa preservación, difusión e a accesibilidade desde calquera lugar do mundo.

É unha estratexia impulsada desde o ámbito público pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) e na que tamén colabora a Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

A finalidade é potenciar a dixitalización do patrimonio cultural de Galicia e a súa recolección, preservación e difusión a través de Galiciana-Patrimonio Dixital de Galicia.

As subvencións, cuxo financiamento procede íntegro da AMTEGA, están cofinanciadas ao 80% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), no marco do Programa operativo Feder Galicia 2014-2020.

Entre as liñas de actuación, o proxecto establece, entre outras, a elaboración dun plan estratéxico de dixitalización do patrimonio cultural galego co obxectivo de consolidar un fondo dixitalizado do patrimonio cultural material e inmaterial de Galicia.

Técnicos da Subdirección Xeral de Arquivos e Museos forman parte das Comisións de valoración constituídas segundo o disposto nas bases das convocatorias. (Marisé Piñón López e Concepción García García).

Na convocatoria 2018-2020 (publicada no DOG nº 137, do 18 de xullo de 2018), resultaron beneficiarios das axudas os seguintes arquivos:

- Arquivo Universitario de Santiago de Compostela: dixitalización de manuscritos
- Arquivo municipal de Ortigueira: Libros de acordos de 1549 a 1900
- Arquivo municipal de Muros: descrición e dixitalización do fondo documental histórico
- Asociación Padroado do Museo do Pobo Galego: dixitalización do fondo documental Blanco Cicerón
- Arquivo da Fundación Rosalía de Castro: dixitalización do arquivo
- Arquivo municipal de Ribadeo: dixitalización de libros de actas de 1825 a 1973
- Arquivo municipal de Pol: dixitalización do arquivo
- Arquivo Municipal de Betanzos: dixitalización de actas capitulares dos séculos XIX e XX
- Fundación Vicente Risco: dixitalización do fondo documental
- Arquivo Municipal de Vimianzo: proxecto de recuperación de documentos históricos



- Arquivo municipal de Marín: dixitalización do arquivo
- Arquivo municipal de Ribeira: dixitalización da documentación histórica
- Fundación Uxío Novoneyra: dixitalización do fondo documental
- Fundación 10 de marzo: dixitalización do arquivo
- Arquivo municipal de Avión: dixitalización do arquivo histórico

En total, importáronse ao Arquivo Dixital de Galicia 15.200 rexistros. As imaxes realizadas están accesibles dende Arquivo Dixital de Galicia:

<http://arquivo.galicianana.gal/arpadweb/es/inicio/inicio.do>

Estes son algúns exemplos:

1571: Carta de privilexio e confirmación de Felipe II da carta pobra outorgada polos reis católicos á villa de Muros concedéndolle o fuero de Benavente.





Caricatura de Vicente Risco



No ano 2020 a AMTEGA publicou a convocatoria para os anos 2020-2021: Resolución do 27 de febreiro de 2020 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a dixitalización do patrimonio cultural de Galicia coa finalidade de preservación e difusión a través de Galiciana-Patrimonio Dixital de Galicia, e se procede á súa segunda convocatoria para os anos 2020-2021, cofinanciada co Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020 (código de procedemento PR606A). DOG num 46, do 12 de marzo de 2020.

Persoal da Subdirección Xeral de Arquivos e Museos forma parte da Comisión de Valoración.



3. OUTROS PROXECTOS DE DIXITALIZACIÓN NO ANO 2020

Os distintos Arquivos históricos da Xunta de Galicia seguen a darlle continuidade a proxectos de dixitalización de fondos documentais por eles custodiados:

Arquivo de Galicia:

Dixitalización de documentos do Inventario do Patrimonio Etnográfico inmobiliario de Galicia. Categoría Arquitectura Popular (1994-2005).

Realizáronse un total de 39.818 imaxes que se incorporaron ao Arquivo Dixital de Galicia

Arquivo do Reino de Galicia:

Dixitalización de documentos dos seguintes fondos documentais

1. Fondo: Real Intendencia de Galicia

Catastro do Marqués de Ensenada

Datas extremas: 1750 – 1754

Número de imaxes: 40.220

2. Fondo: Real Audiencia de Galicia

Libros Índices

Nº de libros dixitalizados: 64

Nº de imaxes: 33.005

Arquivo Histórico Provincial de Lugo:

1. Dixitalización dos Padrones Calle Hita.

Século XVIII

Nº de imaxes: 14.573

2. Dixitalización dos negativos fotográficos da Colección Fotográfica de José Luis Vega

Nº de imaxes: 2.960



4. DIXITALIZACIÓN DE FONDOS HISTÓRICOS RELACIONADOS COA GUERRA CIVIL ESPAÑOLA E A DITADURA FRANQUISTA

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade, a través da Secretaría Xeral de Cultura, puxo en marcha neste ano 2021 un ambicioso proxecto de dixitalización de fondos documentais custodiados nos Arquivos Históricos que xestiona esta Consellería, relacionados coa Guerra civil española e a ditadura franquista previa ao actual réxime democrático.

Este proxecto, pretende identificar os fondos documentais que se custodian nos Arquivos Históricos xestionados pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade, relacionados cos episodios históricos da Guerra civil española e ditadura franquista, a fin de dixitalizalos e poñelos a disposición da cidadanía a través de Galicianas, Arquivo Dixital de Galicia, de tal xeito que se facilite a canalización de demandas de información da sociedade civil e se incentive, tanto a participación, como a reflexión cidadá en relación cos feitos históricos sinalados.

Por outra parte, co proxecto de referencia contribúese á divulgación e preservación destes fondos, pero tamén se facilita notablemente o dereito de acceso para todas as persoas interesadas por medio de instrumentos de consulta accesibles, acceso que en todo caso se levará a cabo dentro do respecto á normativa vixente en materia de dereito de acceso documental e en materia de protección de datos de carácter persoal.

Os arquivos históricos xestionados pola Xunta de Galicia, custodian nestes momentos un importante volume de documentos relacionados cos feitos históricos de referencia que se traducen en 1.349.531 imaxes susceptibles de ser dixitalizadas. Esta dixitalización é o paso previo e necesario para que este fondo documental chegue ao arquivo dixital.



5. IMPACTO DOS PROXECTOS DE DIXITALIZACIÓN EN GALICIANA. ARQUIVO DIXITAL DE GALICIA

Galiciana. Arquivo Dixital de Galicia é a plataforma de xestión dos centros integrados no Sistema de Arquivos de Galicia que proporciona datos recolectables a Galiciana. Patrimonio Dixital de Galicia e, a través dela, aos principais servizos de agregación e recolección nacionais e internacionais como Hispana, Europea ou OAlster.

Permite a consulta a través dun punto único, tanto de documentos que teñan obxectos dixitais asociados, como aqueles non dixitalizados de arquivos xestionados pola Secretaría Xeral de Cultura como o Arquivo de Galicia, Arquivo do Reino de Galicia e arquivos históricos provinciais de Lugo, Ourense e Pontevedra e doutros Arquivos do Sistema de Arquivos de Galicia, como son os das Administracións locais (concellos e deputacións), de universidades e institucións e organismos de carácter cultural e sindical de interese para Galicia (Arquivo da Real Academia Galega, Arquivo da Fundación Penzol e da Fundación Luis Tilve) e de institución eclesiásticas.

Todas son institucións da memoria que custodian fondos e coleccións de alto interese para a historia e cultura de Galicia entre os séculos IX e XX. O Arquivo Dixital de Galicia cumpre a función de visibilizar ese Patrimonio, darlle á cidadanía acceso libre e gratuíto aos contidos e preservar a memoria da nosa Comunidade Autónoma.

Os proxectos Geoarpad e Memoria Dixital déronlle un forte impulso á dixitalización do patrimonio documental.

Na actualidade a plataforma con 108.430 documentos dixitalizados, e un total de 3.108.273 imaxes.

Santiago de Compostela, abril de 2021